

REGULAMENTO DE ASINACIÓN DE ESPAZOS DA FACULTADE DE FÍSICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado pola Xunta de Facultade do 27 de outubro de 2011)

A xestión do espazo é sempre un dos maiores retos ós que ten que facer fronte calquera colectivo humano, en particular calquera organismo administrativo. O intenso traballo investigador que desenvolve a Facultade de Física agudiza aínda máis se cabe o sempre crítico problema de espazos que sofren todos os centros da Universidade. A labor docente e investigadora dos membros da Facultade dista moito de realizarse en condicións idóneas debido á xa crónica escaseza de espazos no centro. Nestas condicións, dispoñer dun Regulamento que outorgue seguridade xurídica e obxectividade á distribución de espazos entre os membros do centro tense convertido nunha necesidade imperiosa. O Regulamento presente, plenamente respectuoso cos “Criterios de distribución de espazos” aprobados polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, ten vocación de adaptar esta normativa ás particularidades da Facultade de Física, regulando aspectos que nos criterios xerais non quedaban recollidos como a creación dun rexistro de situacións de urxente necesidade de ocupación, a regulación dunha lista de agarda de locais do centro ou o procedemento de adscrición provisional de locais.

CAPÍTULO I PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 1. Criterios xerais

- 1.1 A xestión ordinaria dos espazos de uso administrativo, docente e investigador do centro corresponde ós órganos de goberno da Facultade, por delegación do Reitor, de acordo coas especificacións que se indican neste Regulamento.
- 1.2 As decisións dos citados órganos de goberno da Facultade en materia de asignación e distribución de espazos serán susceptibles de recurso diante do Reitor ou Vicerreitor/a en quen delegue.

Artigo 2. Procedemento e normas de aplicación dos criterios para a asignación de espazos

- 2.1 O obxecto do presente Regulamento é:
- a) A xestión ordinaria dos espazos da Facultade de Física.
 - b) O reparto de novos espazos entre os membros da Facultade.
 - c) A redistribución periódica de espazos de investigación que veñan sendo ocupados por grupos de investigación.

A efectos da aplicación do presente Regulamento, serán membros da Facultade de Física o PDI cuxa actividade docente ou investigadora se realice no Centro, os investigadores adscritos a grupos de investigación da Facultade, os alumnos matriculados en calquera das titulacións adscritas ó centro e o seu PAS.

Entenderase que un Grupo de Investigación está adscrito á Facultade de Física cando resulte dos criterios definidos polos Vicerreitorados competentes e a maioría da súa investigación sexa realizada neste Centro.

2.2 Todo PDI a tempo completo terá dereito a un espazo de traballo resultante da suma da Superficie Básica de Traballo (SBT) e da Superficie Complementaria por Actividade Investigadora (SCAI) que lle corresponda no caso de estar activo en investigación.

A definición de PDI usada no presente Regulamento será a aprobada polas Vicerreitorías competentes en materia de profesorado, organización académica e investigación.

Provisoriamente e para os efectos da aplicación do presente Regulamento considerárase PDI activo en investigación aquel que cumpra algunha das condicións recollidas nos “Criterios de distribución de espazos” aprobados polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, e en concreto:

- *Condición a* .- Ter un sexenio concedido nos últimos oito anos.
- *Condición b* .- Ter participado nun proxecto ou contrato de investigación nos últimos seis anos.
- *Condición c* .- Ter dirixido unha tese de doutoramento nos últimos seis anos.

A estes efectos considerárase investigador/a, o PDI que estea activo en investigación de acordo cos criterios especificados neste apartado, os investigadores/as dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ángeles Alvariño, Isabel Barreto, etc., mentres cumpran os presupostos de PDI en activo, e en xeral os/as investigadores/as vinculados/as ao grupo de investigación agás os colaboradores/as externos/as e doutorandos/as que non dispoñan de bolsas ou contratos.

Para o cálculo do número de investigadores/as do grupo analizarase a evolución do mesmo nos últimos seis anos e efectuarase a proxección para os seguintes.

Estes criterios adaptaranse en cada momento en función dos que se utilicen para definir os grupos de investigación que compoñen o catálogo da Universidade.

2.3 O PDI e os/as investigadores/as só computaran nun grupo de investigación. Os membros do PDI adscritos a Grupos de Investigación do centro con docencia noutros campus computarán, a efectos do cálculo de necesidades de espazo dos seus respectivos grupos, cun factor 0,5.

2.4 Ós efectos do disposto no presente Regulamento, os profesores eméritos, mentres teñan contrato en vigor que os vincule coa USC, computarán co mesmo módulo que lle correspondía cando estaban en situación activa. Os profesores ad honorem conservarán o dereito ó uso da SBT que tiveran asinada no momento da extinción da súa relación de servizo activo coa Universidade, pero non serán computables a efectos de reparto de SCAI nos seus grupos de investigación. Os membros da Facultade en comisión de servizos ou en outra situación administrativa especial deberán ceder o espazo que viñan ocupando no Centro mentres dure tal situación. Non obstante, cando se produza o reingreso ó servizo activo na USC recuperarán o dereito ó uso da SBT que

viñan detentando e da SCAI que lle corresponda por aplicación destes criterios no momento da súa reincorporación.

2.5 A Comisión de Locais elaborará un catálogo de grupos e definirá unha puntuación de referencia, válida para establecer criterios de revisión dos locais asignados temporalmente

Artigo 3. Superficie Básica de Traballo e Superficie Complementaria por Actividade Investigadora

3.1 O PDI membro da Facultade terá dereito a unha Superficie Básica de Traballo (SBT) e, no caso de desenvolver actividades de investigación nos termos previstos neste Regulamento, a unha Superficie Complementaria por Actividade Investigadora (SCAI), nos termos e contías regulados na presente norma.

3.2 A SBT asignarase por PDI e será única para os labores de docencia e investigación. Incluirá gabinete de uso preferentemente individual ou, caso de non ser posible o anterior, compartido; espazos de uso común, e unha superficie básica para investigación.

A SBT por PDI asignarase con carácter indefinido e ligado á existencia dunha relación funcional ou contractual coa USC.

Cando a SBT do PDI con docencia nalgunha titulación vinculada ó Centro estea localizada fóra da Facultade de Física, o Decanato da Facultade deberá prever espazos para o desenvolvemento das tarefas docentes (titorías, etc.).

3.3 A SCAI asignarase por investigador/a, terá carácter temporal e adscribirase por un período de catro anos.

3.4 Os locais habituais de traballo e os específicos de investigación estarán en espazos diferentes cando así o esixan as avaliacións dos postos de traballo.

CAPÍTULO II

ADSCRICION DE LOCAIS

Artigo 4. Tipos de adscrición e órganos competentes

4.1 Os locais da Facultade poderán ser adscritos de xeito definitivo, temporal ou provisional.

4.2 Só son susceptibles de adscrición definitiva os gabinetes de uso individual ou conxunto como SBT do PDI.

4.3 Serán susceptibles de adscrición temporal, todos os espazos destinados á investigación do Centro. O Decanato da Facultade garantirá que en todo momento exista un rexistro dos locais susceptibles de tal uso.

4.4 Tódolos locais da Facultade poderán ser adscritos de xeito provisional polo Decano/a da Facultade mediante o procedemento previsto no artigo 6 do presente Regulamento, e deberá ser ratificada nun prazo máximo de tres meses pola Comisión de

Locais. As situacións de provisionalidade só poderán prolongarse ata a seguinte adscrición definitiva ou temporal de locais, dependendo da súa natureza.

4.5 Queda expresamente vedada calquera tipo de adscrición dos locais definidos como de uso docente do centro sen autorización previa da Xunta de Facultade. O Decanato realizará no prazo dun ano a contar dende a aprobación do presente Regulamento un catálogo de espazos de tal natureza no Centro.

Artigo 5. Adscrición definitiva e temporal de locais

5.1 A adscrición definitiva ou temporal dun local do Centro é competencia exclusiva da Xunta de Facultade, que deberá contar co informe preceptivo da Comisión de Locais.

5.2 O procedemento de adscrición definitiva ou temporal de locais debe comezar cunha convocatoria pública dirixida a tódolos membros da Facultade, na que se expresarán os espazos que van ser obxecto de distribución e o seu estado de ocupación no momento da convocatoria. A SBT será obxecto de solicitude individualizada por parte do PDI con dereito á mesma, e a SCAI solicitarase por PDI ou investigador determinado a través do coordinador do correspondente grupo de investigación.

5.3 Rematado o prazo de presentación das solicitudes dos membros da Facultade e consultada a lista de agarda regulada no punto seguinte, o Decano/a convocará no prazo máximo dun mes á Comisión de Locais do Centro para a adscrición dos locais.

5.4 Os criterios a ter en conta para a distribución da SBT entre o PDI serán os de prelación regulados nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela. Os solicitantes que non vexan satisfeitas as súas peticións serán asentados nunha lista de agarda baixo custodia no Decanato na que se consignará o corpo e categoría e a data de solicitude de SBT.

5.5 Os criterios a ter en conta para fixar a prelación dos solicitantes para a asignación temporal da SCAI obxecto da convocatoria serán:

- a) Número de investigadores no grupo solicitante.
- b) Fondos captados no sexenio inmediatamente precedente xestionados no negociado de Asuntos Económicos da Facultade.
- c) Produción científica (artigos, teses, patentes, etc.) no sexenio inmediatamente precedente.
- d) Superficie por investigador do grupo solicitante no momento da convocatoria.

Os datos necesarios para a valoración anterior deberán ser subministrados polo grupo solicitante no momento de presentación da solicitude. A Comisión de Locais aprobará e fará pública, na súa primeira reunión tras a aprobación do presente Regulamento, a valoración que se outorgará a cada ítem dos relacionados no presente artigo.

Cando un grupo con actividade investigadora en máis dun centro solicite espazo na Facultade de Física, deberá aportar información detallada do número dos seus membros e da superficie que ocupa noutros Centros da USC verificada pola dirección dos mesmos, para que sexa debidamente valorada pola Comisión de Locais.

Artigo 6 Adscrición provisional de locais. Rexistro de situación urxentes.

- 6.1 Os coordinadores dos grupos de investigación adscritos ó Centro poderán solicitar do Decanato da Facultade a asignación provisional de espazo de investigación para a ubicación de novos membros incorporados ó grupo, ou de equipos experimentais de investigación adquiridos con cargo a proxectos ou convenios.
- 6.2 Con vistas á adecuada consignación das solicitudes recibidas créase no Decanato da Facultade un Rexistro de Solicitudes de Asignación Provisional de Espazos no Centro.
- 6.3 O Decano/a da Facultade, á vista da solicitude dun coordinador de Grupo de Investigación, procederá á súa inscrición no rexistro de situacións necesitadas de urxente provisión. Deberá consignarse no asento correspondente:
- a) Data e grupo solicitante.
 - b) Se a solicitude se refire a persoal asimilable a PDI de acordo co disposto neste Regulamento.
 - c) O instrumental de laboratorio para o que se solicita o espazo e os metros cadrados necesarios a xuízo do solicitante.
 - d) O financiamento con cargo ó que se incorpora ó novo persoal ou se adquire o equipo.
 - e) A duración do contrato, proxecto de investigación ou convenio no que trae causa a solicitude.
- 6.4 O Decano/a poderá asignar de xeito provisional o espazo de investigación solicitado. Esta asignación deberá ser ratificada pola Comisión de Locais do Centro nun prazo máximo de tres meses.
- 6.4 Toda solicitude de espazo provisional de investigación deberá ser resolta pola Comisión de Locais nun prazo máximo de tres meses.

Artigo 7 Revisión da SCAI

7.1 Cada catro anos, contados a partir da última adscrición temporal de espazo pola Xunta de Facultade, as SCAI asignadas ós membros dun grupo de investigación serán obxecto de revisión, de acordo co previsto nos “Criterios de distribución de espazos” aprobados polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2008.

7.2 No caso de escisión ou fusión de grupos realizarase unha revisión da SCAI asignada ós membros dos grupos implicados, a solicitude de calquera dos seus membros, sen que iso supoña variación algunha no prazo xeral de revisión en curso.

Artigo 8 Procedemento de revisión

8.1 O Decanato da Facultade procederá, con vistas á realización da revisión da adscrición da SCAI do Centro, á solicitude ós grupos de investigación de información referente ós criterios recollidos no punto 5.5 do presente Regulamento referidos ó sexenio inmediatamente anterior á solicitude.

8.2 Recibida a información, o Decano convocará á Comisión de Locais do Centro para a revisión, cos criterios establecidos no artigo 5.5, da situación de ocupación da SCAI dos diferentes grupos de investigación.

8.3 Os grupos de investigación que teñan experimentado diminucións do 40% na súa puntuación respecto ó momento da adscrición da SCAI obxecto de revisión deberán ceder ou compartir unha porcentaxe similar da súa SCAI ós grupos de investigación

solicitantes de SCAI que teñan experimentado un incremento comparable na súa puntuación. Dita reorganización deberá ter lugar nun prazo non superior a un ano dende a comunicación por parte da Comisión de Locais do resultado da valoración.

8.3 Os grupos de investigación cuxa puntuación sexa menor dos 60% respecto á da obtida no momento da adscrición da SCAI, deberán poñer a disposición da Comisión de locais unha porcentaxe da súa SCAI para ser asignada a aqueles grupos de investigación solicitantes de SCAI que, tendo experimentado un incremento na súa puntuación, máis o necesiten de acordo co valor de referencia definido pola Comisión de Locais. Dita reasignación deberá ter lugar nun prazo non superior a un ano dende a aprobación pola Xunta de Facultade, tras a comunicación por parte da Comisión de Locais

Disposición final primeira

A primeira revisión da SCAI adscrita a membros dos grupos de investigación do Centro terá lugar catro anos despois da aprobación do presente Regulamento pola Xunta de Facultade.

Disposición final segunda

En todo o non expresamente previsto no presente Regulamento estarase ó disposto nos “Criterios de distribución de espazos” aprobados polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2008 ou normativa que os substitúa.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións normativas en materia de locais desta Xunta de Facultade se opoñan ó presente regulamento.

ANEXO I

a).- Superficie básica de traballo por PDI (SBT):

Inclúe o espazo necesario para poder dispoñer de gabinete, espazos comúns (seminarios para reunións, actividades de grupos de debate, espazo para PDI visitante, almacéns, etc.) e unha superficie básica para investigación. O seu valor recollese na Táboa de Superficies adxunta.

b).- Superficie complementaria por actividade investigadora (SCAI):

A superficie complementaria por actividade investigadora (SCAI) calcularase en función do número de investigadores/as do seguinte xeito:

$SCAI\ TOTAL = K * SCAI\ POR\ INVESTIGADOR * N^{\circ}\ investigadores/as$

K calcularase tendo en conta a produción científica e a captación de recursos en relación coa área á que pertence. Provisoriamente terá un valor de 1.

Os custes indirectos dos recursos captados por cada grupo deberán tender a cubrir os custes imputábeis aos espazos asignados, que serán determinados pola Xerencia con carácter xeral para toda a universidade mentres non se poida discriminar por área ou

grupo. Inicialmente os custes indirectos captados polo grupo cubrirán a totalidade dos custes de reparación e mantemento imputábeis á superficie complementaria asignada por actividade investigadora, agás que os proxectos sexan competitivos, caso no que só cubrirán un 40%.

c) Superficie complementaria por grandes equipos, máquinas, instalacións, equipamentos, depósitos, etc... (SCGE)

Poderase solicitar superficie complementaria por grandes equipos, máquinas, instalacións, etc. que se analizará en cada caso concreto.

d) Superficie Total:

A superficie total correspondente a un grupo de investigación calcularase do seguinte xeito:

$$ST = (SBT * n^{\circ} PDI) + SCAI TOTAL + SCGE$$